

De seguido infórmolle dos acordos aprobados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 16 de novembro de 1998 e que poden ser do seu interese:

**\*\*Asuntos de Profesorado:**

\*o cambio de área do profesor Ruíz de Samaniego García, que pasa da área 690 "Pintura" á área 270 "Estética e Teoría das Artes".

\*a transformación do contrato de PP1 a T2-TC (6 h.), dos profesores: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Fernández Árias, D. Javier Pérez Guerra, D. Manuel González Fernández, D. Santiago Gómez Fraiz, D. Antón Fernández Roxo, D<sup>a</sup> Begoña Campos Nuño de la Rosa e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria Abreu Sernández.

Naqueles casos que solicitaran exención de docencia, enténdese "ata un máximo da metade da carga docente anual".

**\*\*A convocatoria de visitantes de Investigación (achegarase seguidamente).**

**\*\*Acórdase que, ós efectos de constitución de Departamentos (artigo 81.b dos Estatutos), son considerados bolseiros equivalentes ós de FPI, os bolseiros FPU.**

**\*\*O Regulamento de Títulos propios (achegarase seguidamente).**

**\*\*O Máster de Organización e Dirección Turística.**

**\*\*Composición da Comisión de Biblioteca, que queda: Rector ou persoa na que delegue; Director/a da Biblioteca; 5 Profesores/as (garantindo ámbitos e campus); 4 Alumnos/as (garantindo campus e polo menos un de cada ciclo); e 2 PAS.**

**\*\*A transformación das Escolas Universitarias de Empresariais e de Informática de Xestión do Campus de Ourense nos Centros: "Facultade de Ciencias Empresariais" e "Escola Superior de Enxeñería Informática".**

**\*\*A adscripción da titulación de "Xestión e Administración Pública" á Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra**

**\*\*Os acordos sobre o Regulamento de "Cursos de Especialización e Convenios", aprobado no Claustro Universitario do 6 de novembro de 1998:**

**\*Artigo 14.a), pasa a ser Os Vicerrectores de "Investigación" e de "Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía".**

**\*Artigo 15.g), pasa a ser Vicerrector de "Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía".**

**\*Disposición final primeira, pasa a ser Vicerrector de "Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía".**

\*\*Noméase ós membros da Comisión de "Cursos de Especialización e Convenios":  
\*Profesores: D. Fernando Vázquez Núñez (E.T.S. de Enx. Ind. Vigo), D. Antonio Vaamonde Liste (E.U. Est. Empr. Vigo), D. Tony Crespo Franco (Fac. CC. Ec. e Empr. Vigo), D. Gustavo Rodríguez Fuentes (E.U. de Fisiot. Pontev.) e D. Luis Alonso Bacigalupe (Fac. Hum. Vigo).

\*PAS: D. Ramón Araujo Casado (Rectorado).

\*Alumno: pendente de elixir.

\*\*Substitúese na Comisión de Doutoramento a D<sup>a</sup>. Mercedes Durany Castrillo por D<sup>a</sup> Mercedes Suárez Pazos (Fac. Hum. Ourense).

\*\*A sinatura de convenios: marco de colaboración co Instituto Superior de Arte de la Habana, de colaboración coa Universidade de Holguin "Oscar Lucero Moya", de cooperación Científica Cultural co Instituto Superior Pedagógico "Frank País García", de colaboración coa Universidade de Oriente, de colaboración co Instituto Superior Minero Metalúrgico de Moa e de colaboración bilateral co Centro Universitario de las Tunas de Cuba.

\*\*Elíxese a D. José Ángel Álvarez Moreira (Fac. CC. Ec. e Empr. Vigo) e a D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón (E.T.S. de Enx. Ind. Vigo), para asistir ó "Foro Estatal de Estudiantes organizado por el Consejo de Alumnos de la Universidad de Alicante"

\*\*Elíxese a D. Alfonso López Otero (E.U. de Form. do Prof. de EXB, Ourense), para o xurado das bolsas MEC.

Vigo, 19 de novembro de 1998

A Secretaria Xeral,

Margarita Estévez Toranzo

*Indícase que estes acordos esgotan a vía administrativa e poden ser impugnados directamente na xurisdicción contencioso-administrativa.*

**EQUIPO RECTORAL**

**EXCMO. SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL**

**ILMOS./ILMAS DECANOS/AS-DIRECTORES/AS DE TÓDOLOS CENTROS**

**ILMOS./ILMAS DIRECTORES DE TÓDOLOS DEPARTAMENTOS**

**SRES./SRAS XEFES DE SERVICIO**

**SRES./SRAS. XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN DE TÓDOLOS CENTROS**

**DELEGACIÓN DE ALUMNOS/ALUMNAS**

**XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO / COMITÉ DE EMPRESA / XUNTA DE PDI**